F/2022/170	18/01/2022	19,53	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034869131; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PEDREIRA 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/171	18/01/2022	76,60	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034707367; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO 9001 BOMBEO - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 161 22100
F/2022/172	18/01/2022	159,64	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034871262; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ADOUFE 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/173	18/01/2022	234,41	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034873969; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BASTAVALIÑOS 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/174	18/01/2022	25,33	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034874547; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO 9890 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/175	18/01/2022	38,09	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034876272; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO 9701 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/176	18/01/2022	186,58	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034882586; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MATO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/177	18/01/2022	50,63	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034878144; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAIME 9000 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/178	18/01/2022	61,42	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034883177; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/QUINTANS 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/179	18/01/2022	30,32	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137034883903; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO ABAIXO 9702 ALPUBL - PERIODO 01.11.2021 A 30.11.2021	2022 165 22100
F/2022/180	18/01/2022	16,50	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137035058724; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA 4 (ESCOLA LUÑA) - PERIODO 30.11.2021 A 19.12.2021	2022 323 22100
F/2022/181	18/01/2022	66,90	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137035078759; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA (VICESO) 0010 - PERIODO 30.11.2021 A 19.12.2021	2022 920 22100
F/2022/182	18/01/2022	3,27	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137035070965; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 9701 - PERIODO 30.11.2021 A 19.12.2021	2022 920 22100
F/2022/183	18/01/2022	27,65	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137035101222; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 0042 - PERIODO 30.11.2021 A 19.12.2021	2022 920 22100
F/2022/194	18/01/2022	140,37	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137029195764; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. BALADO 9001 PISO 03 PUERTA L2 - PERIODO 18.10.2021 A 28.10.2021	2022 241 22100

F/2022/195	18/01/2022	21,21	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137032697771; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. BALADO 9001 PISO 03 PUERTA L2 - PERIODO 29.10.2021 A 29.11.2021	2022 241 22100
F/2022/196	18/01/2022	13,01	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE21137035203337; SUBMINISTRO ELECTRICO URB. BALADO 9001 PISO 03 PUERTA L2 - PERIODO 30.11.2021 A 19.12.2021	2022 241 22100
<b>TOTAL</b>		<b>37.890,95</b>				

**RELACION F/2022/4**

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Desconto	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2022/1	18/01/2022	58,08	0,00	58,08	B70128301	NOVONEON ROTULOS, S.L.	FRA Nº A 471; CARTEL OBRA: SAN RIAN SDAD. COOP. GALEGA E EVA GLORIA RODRIGUEZ E CANDIDO GUTIÉRREZ	2022 151 22699
F/2022/2	18/01/2022	71,73	0,00	71,73	B15075732	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº A21 1421; PRODUTOS LIMPEZA - ESCOLA INFANTIL	2022 323 22110
F/2022/3	18/01/2022	51,82	0,00	51,82	F70509096	COOPERATIVAS LACTEAS UNIDAS CLUN S.C.G.	FRA Nº TPV 7147; SUMINISTRO HIPOCLORITO	2022 1532 22199
F/2022/5	18/01/2022	119,60	0,00	119,60	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	FRA Nº 15992100006027; ITV CAMION URO 8285HTZ (GES) E MERCEDES ATEGO 9836BNN (OBRAS)	Multipli cación
F/2022/6	18/01/2022	2.524,72	0,00	2.524,72	B70316294	MAQUINARIA AGRICOLA NOROESTE, S.L.	FRA Nº 01FT 949; REPARACION JOHN DEERE E1427BFV GATOR	2022 171 21300
F/2022/17	18/01/2022	49,43	0,00	49,43	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1210561037; SGAE REPRESENTACION INCLUCONTOS DE PEDRO BRANDARIZ O 10.12.2021	2022 338 22699
F/2022/18	18/01/2022	1.914,77	0,00	1.914,77	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003295980; SERVICIO CORREOS OFICINAS XERAIS - DECEMBRO 2021	2022 920 22201
F/2022/19	18/01/2022	839,54	0,00	839,54	A28945608	IBERGRUAS, S.A.	FRA Nº Emit- 127165; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2022 1532 22111
F/2022/21	18/01/2022	107,69	0,00	107,69	B70545967	RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA, S.L.	FRA Nº 1 2269; SERVICIO LIMPEZA LOCAL MONTE BALADO (COWORKING) - DECEMBRO 2021	2022 241 22700
F/2022/23	18/01/2022	1.219,50	0,00	1.219,50	A15106123	ESTACIONES DE SERVICIO MANZANEDA, S.A.	FRA Nº M210002014; SUBMINISTRO PELLETS BIBLIOTECA E ESCOLA DE MÚSICA	Multipli cación
F/2022/185	18/01/2022	363,00	0,00	363,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	FRA Nº P21 010434; PUBLICIDADE EL COMARCAL	2022 920 22602
F/2022/200	18/01/2022	2,75	0,00	2,75	B36307270	COESCO DEZA, S.L.	FRA Nº Emit- 106; SERVICIO ALMORZOS E MERENDAS ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2021	2022 323 22711
F/2022/204	03/01/2022	67,16	0,00	67,16	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 21/00373; GARRAFAS ANTICONXELANTE MISUBICHI 1161FGY -	2022 135 22111

							GES	
F/2022/205	03/01/2022	24,72	0,00	24,72	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 21/00357; SUBSTITUCION LÁMPARA CITROEN C4 3108GGL - POLICIA LOCAL	2022 132 21400
F/2022/206	03/01/2022	39,69	0,00	39,69	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 21/00349; REPARACION AUTOESCALA MAN 2356LNS - GES	2022 135 21300
F/2022/207	03/01/2022	72,41	0,00	72,41	32674951R	TROITINO GUERRERO, JAVIER	FRA Nº 21007; COPIAS FOTOS ESCOLA INFANTIL	2022 323 22199
F/2022/208	03/01/2022	190,50	0,00	190,50	A28076420	REPSOL BUTANO,S.A	FRA Nº 152910063390; SUBMINISTRO GAS PROPANO - GES	2022 135 22102
F/2022/209	03/01/2022	248,05	0,00	248,05	B70271473	CALEMA SANTIAGO S.L.	FRA Nº 21/1.193; MANTEMENTO CALDEIRA CENTRO SOCIAL - DECEMBRO 2021	2022 231 21200
F/2022/210	03/01/2022	42,00	0,00	42,00	44818469W	CAMPOS FERNANDEZ, MARCOS	FRA Nº 2021/B/04; 35 AUGAS - OFICINAS XERAIS	2022 920 22699
F/2022/212	03/01/2022	575,96	0,00	575,96	44825235Y	PICADO MONTAOS, FRANCISCO JAVIER	FRA Nº 16; SUBMINISTRO BARROTOS LACADOS	2022 1532 22199
F/2022/213	03/01/2022	667,92	0,00	667,92	44825235Y	PICADO MONTAOS, FRANCISCO JAVIER	FRA Nº 14; SUBMINISTRO E COLOCACION PASAMANS E CHAPA MARQUETERIA ESCOLA ANXELES	2022 323 21200
F/2022/214	03/01/2022	150,00	0,00	150,00	J70584982	LUMENOR S.C.	FRA Nº 1 0228; FERRAMENTA ABREPORTAS - GES	2022 135 22199
F/2022/215	04/01/2022	49,13	0,00	49,13	B15593171	COMERCIAL RIVAS, S.L.	FRA Nº 002324; CONOS - ALCANTARILLADO BASTAVALES	2022 1532 22199
F/2022/216	05/01/2022	129,47	0,00	129,47	33206600M	VIDAL FERREIRO SANTIAGO	FRA Nº 1873/2021; REVISION TACÓGRAFO CAMION 9836BNN - OBRAS	2022 1532 21300
F/2022/217	05/01/2022	190,01	0,00	190,01	J70569116	NEUMATICOS NEGREIRA, S.C.	FRA Nº 001558; CUBERTAS NISSAN CABSTAR 1841BLP - OBRAS	2022 1532 22111
F/2022/218	05/01/2022	370,50	0,00	370,50	33231883B	RIVAS MOSQUERA, PILAR	FRA Nº 46-21; MATERIAL FERRETERIA - DECEMBRO 2021	Multipli cación
F/2022/219	05/01/2022	507,70	0,00	507,70	B70418173	BRION MOTOR TALLER S.L.	FRA Nº 212207; REPARACION NISSAN CABSTAR 1841BLP - OBRAS	2022 1532 21300
F/2022/220	05/01/2022	33,14	0,00	33,14	B15064678	COMERCIAL MANUEL LATA,S.L.	FRA Nº 4104612/01; RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2022 1532 22111
F/2022/221	05/01/2022	190,50	0,00	190,50	A28076420	REPSOL BUTANO,S.A	FRA Nº 152910063417; SUBMINISTRO GAS PROPANO - GES	2022 135 22102
F/2022/222	07/01/2022	452,50	0,00	452,50	B15673270	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.	FRA Nº F21/4.263; CONTROL DE PRAGAS E PREVENCION LEXIONELA	2022 920 21200
F/2022/227	10/01/2022	726,00	0,00	726,00	34996730E	VAZQUEZ LEMOS, LORETO	FRA Nº 150/21; SERVICIO GABINETE COMUNICACION EXTERNO - DECEMBRO 2021	2022 491 22721

F/2022/230	12/01/2022	260,17	0,00	260,17	33273017K	FERNANDEZ PINTOS, CELESTINO	FRA Nº 000733; REPARACION CAMION RENAULT 5954KZY - OBRAS	2022 1532 21300
F/2022/231	12/01/2022	12,50	0,00	12,50	B70059001	M.A.F. 1-SANTIAGO, S.L.	FRA Nº A 30394; SERVICIO MENSAXERIA BIBLIOTECA MUNICIPAL	2022 3321 22300
F/2022/232	13/01/2022	53,24	0,00	53,24	B15583107	RODRIGUEZ Y RODRIGUEZ S.L.	FRA Nº 101716; MATERIAL LIMPEZA OFICINAS XERAIS	2022 920 22110
F/2022/233	14/01/2022	217,09	0,00	217,09	B15214349	RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.	FRA Nº 165.754; SUBMINISTRO RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2022 1532 22111
F/2022/234	18/01/2022	99,52	0,00	99,52	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003298372; SERVICIO CORREOS XULGADO - DECEMBRO 2021	2022 920 22201
F/2022/236	20/01/2022	254,10	0,00	254,10	78798290Z	SILVA CASTRO, JOSE ANTONIO	FRA Nº 72; REPARACION CALDEIRA GES E QUEIMADOR CEIP	Multipli cación
F/2022/240	20/01/2022	53,00	0,00	53,00	B70274253	HERMANOS FORJAN LUEIRO, S.L.	FRA Nº 1 002425; SERVICIO LAVANDERIA ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2021	2022 323 22799
F/2022/241	24/01/2022	778,09	0,00	778,09	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº emi 062022; SERVICIO RECOLLIDA E XESTION PUNTO LIMPO CASA POR CASA - DECEMBRO 2021	2022 1621 22799
F/2022/247	03/01/2022	230,00	30,00	200,00	76706507N	CABIDO PEREZ XOSE	RECIBO IMPARTICION OBRADOIRO MASCULINIDADES POSITIVAS - SERVICIOS SOCIAIS	2022 231 22606
F/2022/271	28/01/2022	358,40	0,00	358,40	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 203/F2022/00000001; PROGRAMA AQUASAN MAIORES 60 - OUTUBRO 2021	2022 231 22712
F/2022/272	28/01/2022	358,40	0,00	358,40	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 203/F2022/00000002; PROGRAMA AQUASAN MAIORES 60 - NOVIEMBRE 2021	2022 231 22712
F/2022/273	28/01/2022	179,20	0,00	179,20	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA Nº 203/F2021/00000013; PROGRAMA AQUASAN MAIORES 60 - DECEMBRO 2021	2022 231 22712
F/2022/328	03/01/2022	400,36	0,00	400,36	78790370Y	SANTOS SANCHEZ, JOSE LUIS	FRA Nº C/21; REPARACION DESBROZADORAS E MOTOSIERRA	2022 171 21300
F/2022/329	08/02/2022	85,18	0,00	85,18	J70304829	HJC RECAMBIOS	FRA Nº 21000188; RECAMBIOS MAQUINARIA OBRAS	2022 1532 22111
<b>TOTAL</b>		<b>15.389,24</b>	<b>30,00</b>	<b>15.359,24</b>				

**Indemnización gastos e prexuízos suspensión contratos por motivo da COVID-19:**

Terceiro	Nome	Texto explicativo	Importe	Aplicación
B29778651	BROCOLI S.L.	Indemnización gastos e prexuízos suspensión ano 2020 contrato de servizos de supervisión das instalacións do campo de	4.677,32	2022 34222715

		fútbol municipal de herba artificial por COVID-19		
B36307270	COESCO DEZA S.L.	Indemnización gastos e prexuízos suspensión ano 2020 contrato de servizos de catering da Escola Infantil Municipal por COVID-19	4.648,58	2022 32322711
<b>TOTAL</b>			<b>9.325,90</b>	

**Segundo.-** Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2021.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

**6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2021.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

**7º) MOCIÓNS.**

Aprobase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

**7.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA.**

Dada conta da moción polo Sr. Concelleiro Penas Corral, que transcrita di:

No vindeiro ano 2023 remata o prazo de concesión á empresa concesionaria da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza e da planta de tratamento de residuos que a mesma ten no lugar de Servia, en Lousame, sen que a día de hoxe se teñan elaborado os pregos para unha nova licitación de explotación da mesma. Esta situación pon en risco tanto a continuidade da planta como o futuro dos postos de traballo que xera, onde é preciso recalcar que na actualidade representa unha das entidades que da traballo a máis persoas na nosa

contorna. É ben coñecida a aposta do BNG polo sistema de tratamento de residuos do complexo medioambiental de Servia, en contraposición co modelo de incineración e soterramento dos residuos de SOGAMA.

Tanto a Lei de Residuos de Galicia, como o proxecto de Real Decreto de envases e residuos coinciden en establecer os mesmos obxectivos de reciclaxe, que deberían alcanzarse antes de finais do 2025, e que son do 50 % para os plásticos e aluminios e do 70 % para metais ferrosos. As directrices da Comisión Europea en canto a tratamento de residuos e os obxectivos de reciclaxe, reutilización e redución fixados por Bruxelas para o ano 2030, establecen unha taxa de reciclaxe e recuperación, incluíndo a compostaxe, superior ao 60.

Fronte a esta situación, é indispensable fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenvolvendo a súa función, conservar os postos de traballo xerados e optimizar e mellorar o proceso adaptándoo á normativa e así acadar os obxectivos marcados, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas pola Comisión Europea neste senso.

É responsabilidade de todas as entidades que formamos parte da Mancomunidade velar polos intereses da mesma e polo benestar e estabilidade das persoas traballadoras, actuando con rapidez para poder resolver as problemáticas que ten a planta a fin de que poda seguir prestando un servizo de recollida e tratamento do lixo, de proximidade, sustentable e medioambientalmente idóneo.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) Solicitar formalmente á Presidencia da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a convocatoria dunha asemblea xeral con carácter de urxencia e coa inclusión como mínimo dos seguintes puntos:

a. Solicitar formalmente á Deputación da Coruña a posibilidade de colaborar na elaboración dun estudo sobre a actual situación financeira da Mancomunidade, así como da posibel viabilidade doutros concellos que poidan valorar a súa adhesión á mancomunidade.

b. Solicitar formalmente á Deputación da Coruña os medios técnicos precisos para a colaboración xunto co persoal da mancomunidade na elaboración dos pregos de condicións para unha nova licitación de cara á próxima caducidade do contrato coa empresa adjudicataria.

c. Solicitar formalmente á Deputación da Coruña unha subvención para a adquisición dunha pala volteadora.

2º) Os presentes acordos serán remitidos ás presidencias da Mancomunidade Serra da Barbanza así como á Deputación da Coruña.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que a semana pasada o Presidente da Mancomunidade lle informou que vaise convocar proximamente a asemblea xeral e se van tratar eses puntos, estamos traballando niso e polo tanto imos aprobala.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **7.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DECLARAR O MES DE FEBREIRO MES DE ROSALÍA DE CASTRO.**

Dada conta da moción polo Sr. Concelleiro Souto Castiñeira, que transcrita di:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

O 24 de febreiro foi declarado como o Día de Rosalía, mais documentación encontrada recentemente amosa e demostra que o seu nacemento foi o día 23, polo que o acordo da Fundación Rosalía de Castro e a AELG é celebrar este día como día de Rosalía. Porén, a importancia e relevancia da poeta fai que un día sexa insuficiente. Os recentes datos sobre o día real do seu nacemento e a ocasión do 50 aniversario da Casa de Rosalía, fai idóneo o momento para mudar a data do Día de Rosalía ao 23 de febreiro e estender ao mes a homenaxe e o recoñecemento.

A difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar no noso concello o 23 de febreiro Día de Rosalía e o mes de febreiro Mes de Rosalía.

2º) Emprender e/ou apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello durante o mes de febreiro.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que non é só para este ano, que o mes xa vai transcorrido, e que sei que o Concello organizou cousas e nós tamén, pero se trata de aprobar isto cara ao futuro, Rosalía de Castro é unha escritora internacional e é un valor que temos que aproveitar.

A Sr. Concelleira Cebal Gómez sinala que estamos de acordo coa moción e que levamos todo o ano facendo actuacións relacionadas con Rosalía de Castro e non só este mes, e continuaremos facendo actos a prol da obra de Rosalía.

O Sr. Alcalde sinala que no Pleno do 21.02.2018 se aprobou unha moción conxunta dos tres grupos moi relacionada con esta.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.



### **7.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES.**

Dada conta da moción polo Sr. Concelleiro Souto Castiñeira, que transcrita di:

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5 % das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5 % fronte a tan só un 3,2 % entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2 % fronte ao 23,9 % no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza limitase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumplir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º) Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumprido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º) Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º) Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade Autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

Debate:

A Srª. Concelleira Cebal Gómez sinala que apoiamos a moción.

A Srª. Concelleira Fariña Bellón sinala que a Lei 7/2004 á que fan referencia na moción está derogada, e a normativa en vigor se atopa na Lei 2/2015, pola que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, engadindo que en decembro de 2019 chegouse a un acordo en materia de igualdade para a contratación e existe unha guía que están intentando implantar e non é unha cousa que se faga dun día para outro.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que todo o tema da contratación é moi complexo, pero que na Deputación o tema da igualdade se aprobou sen problema e á Xunta lévalle dous anos incluír cláusulas de igualdade, que van a velocidade de tartaruga.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

## **8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **8.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:**

#### **1. CONTRATACIÓN DE PERSOAL EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

Año tras ano, a Deputación da Coruña pon a disposición dos concellos da provincia axudas para a contratación de persoal na área de dinamización lingüística, axudas ás que o noso concello non sabemos porqué non quere optar. Entendemos que tal e como se nos dixo con anterioridade en algún pleno, "xa estamos servidos", pero o certo é que a protección, dinamización e promoción da lingua nunca ten abondo de recursos suficientes e polo tanto non estaría de máis poder optar a esta liña de subvencións que están a dispor de todos os concellos.

Ten previsto o Concello de Brión mudar esta política de non utilizar ese recurso?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que sabemos que é un perfil necesario, pero non prioritario, este ano imos solicitar para técnico de turismo, e para o vindeiro ano o avaliaremos.

O Sr. Alcalde sinala que o concello recibiu un premio en 2016 polo uso da lingua galega, e que esa subvención é importante, pero temos que asumir outras actuacións prioritarias.

## 2. RESPOSTAS DAS RECLAMACIÓNS ACHEGADAS POR REXISTRO.

Xa son diversas as ocasións que veciños e veciñas do concello fannos chegar as queixas de diversas reclamacións achegadas ao concello a través do rexistro municipal. Somos conscientes de que o goberno municipal, como ven sendo habitual, vai dicir que non lles consta tales queixas. Pois ben, unha destas foi rexistrada polo noso grupo o pasado mes de novembro e facía referencia ao estado lamentábel do parque infantil de Inxerido. Queixa que non tivo a mínima resposta por parte do concello. E por suposto, o parque segue sen estar arranxado. Entendemos que o servizo a veciñanza ten que ser o máis áxil e dinámico, e dende logo o silencio administrativo nunca pode ser un recurso.

Vaise intentar solucionar por parte do concello este constante retardo ou falta de resposta nas reclamacións (con ou sen percorrido) do noso concello?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que estou de acordo en que as queixas deben ser respondidas; non tiñamos constancia de que houberse reclamación vosa por rexistro en novembro e dixéronme que non había nada; en canto ás queixas do parque de Inxerido pola app de incidencias temos constancia de queixas de particulares e se responden.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a nós mesmos posounos, e se é unha constante debe evitarse.

O Sr. Alcalde sinala que a orde é darlle resposta a todas, é a nosa prioridade.

## 3. ESTADO DOS PARQUES INFANTIS.

Unha vez máis temos que traer a este pleno o estado deficiente de algúns dos parques infantís do noso concello. Anteriormente facíamos referencia ao parque de Inxerido, porque pensamos que é un dos máis perigosos no seu estado actual. As deficiencias non son exclusivas deste parque por desgraza. Rogamos pois a área de goberno que corresponda a que proceda á revisión, análise e informe sobre todos aqueles parques que son susceptibles de mellora, ou cando menos, aqueles que agora mesmo supoñen un perigo para os/as cativos/as que os utilizan.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos conscientes de que hai moitos defectuosos, o de Inxerido é un deles, e contamos agora cun informe de deficiencias de todos os parques municipais e estamos elaborando proxectos de mellora e buscando financiamento, sobre o de Inxerido presentamos un proxecto de: 304.000,00 euros e solicitamos subvención da Xunta por importe de: 40.000 euros, sendo o resto por conta do concello; será o primeiro parque cuberto do concello e aviso que non será o último.

O Sr. Alcalde sinala que nos orzamentos deste ano se levarán actuacións en parques.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ía no noso programa o dos parques cubertos.

O Sr. Alcalde sinala que en Tarrío irá un megaparque infantil, infórmovos que está a facerse o proxecto.

#### 4. SITUACIÓN ACTUAL DO CORPO DE POLICÍA MUNICIPAL.

Cónstanos que a día de hoxe o corpo de policía municipal só consta con dous efectivos para unha poboación que se achega aos 8000 habitantes. Un corpo xa de por si moi reducido xa que como todos sabemos deberíamos ter moita máis policía da que temos e corresponde pola nosa ratio de habitantes.

A pregunta é si se están facendo xestións por unha parte para solucionar esta baixa de forma o máis inmediata posible, e por outra parte para dotar de máis efectivos ao corpo de policía municipal.

A solución a este problema non é algo que solucione exclusivamente os problemas de seguridade e derivadas en todo o concello, senón que ao mesmo tempo a falta de efectivos convertese nun problema para a xestión laboral nos propios compañeiro/as policías.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que no punto 3º da orde do día aprobouse unha proposta para un futuro axente, agora dependerá da Xunta e de que haxa axentes que queiran vir traballar aquí.

O Sr. Alcalde sinala que non é doado contratar, e se trata dunha prioridade como outras en materia de persoal no concello, engadindo que non todos os concellos teñen cuartel da garda civil e que colaboran correctamente, non hai grandes delitos, e seguimos loitando nesta tarefa de contratar persoal.

#### 5. SOBRE AS AXUDAS DO MINISTERIO DE IGUALDADE PARA AS CORPORACIÓNS LOCAIS EN VIRTUDE DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

O pasado 13 de setembro do ano 2021 publicábase no BOE una liña de axudas en materia de loita contra a violencia de xénero en virtude do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Estas liñas supoñían un total de 40.000.000 de euros e no detalle das mesmas chámamos a atención que hai un número importante de concellos do país que solicitaron.

A pregunta é si o concello era coñecedor destas liñas de axudas, e en caso de selo, cal foi o criterio utilizado para optar a non solicitálas.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que no BOE que dicides vós, na páxina 59 está o Concello cunha subvención de:13.527,32 euros; somos os primeiros sorprendidos pola vosa pregunta, e non o piden os concellos o distribúe o ministerio.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que é un erro noso, tomamos nota.

#### 6. SOBRE O FOLLETO EDITADO POLO CONCELLO DENOMINADO "RECICLA O NADAL"

O Concello de Brión editou un libriño sobre residuos titulado "Recicla o Nadal". Sobre isto preguntamos:

- Canto custou a edición deste folleto?
- Que participación tivo o Concello na súa redacción?
- Considera o goberno municipal que o folleto editado serve para mellorar a xestión dos residuos no noso concello?

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que o contido do libro non se corresponde co modelo de recollida que temos na Mancomunidade, é máis, o que di é contrario ao sistema de recollida de Brión, sorprendeunos moito.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que o custe foi de: 3.743,64 euros, e fixémoslo coa intención de repartilos aos alumnos dos centros educativos pero non puidemos facelo por mor do Covid, pola suspensión de clases; se trata dun consumo responsable e de reutilización, é un tanto xenérico, e tamén o fixeron outros concellos como Santiago, Ames, e outros; presentouse e pareceunos un bo recurso.

O Sr. Souto Castiñeira sinala que di cousas que son contrarias ao noso sistema de recollida; que se lle damos aos veciños información contraditoria sobre o que deben facer resultará que o sistema da planta non poderá funcionar, debe facerse autocrítica.

O Sr. Alcalde sinala que tomamos nota, é un texto xenérico, nas primeiras páxinas se explica o que facemos en Brión, o resto é xenérico, o fin último é que se debe reciclar.

O Sr. Souto Castiñeira sinala que a idea non era mala.

Neste intre o Sr. Concelleiro Penas Corral fai unha observación respecto da pregunta núm. 5 sinalando que a pregunta era, en que se gasta?, respondendo o Sr. Alcalde que nós respondemos ás preguntas formuladas.

## **8.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:**

1.- En virtude da "RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2021 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, publicada no DOG Núm. 16 Martes, 25 de xaneiro de 2022.

Trátase do Plan Marco 2022-2023, co que pretenden mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e doutras infraestruturas.

Os concellos interesados en mellorar os camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas disporán dun mes, dende o 26 de xaneiro, para presentar as súas solicitudes.

Este grupo municipal, o pasado decembro de 2020 solicitou que se indicara cal é o plan de mellora de camiños municipais de acceso as parcelas agrícolas que se tiña previsto para o ano 2021, indicando varios camiños dos que se tiña coñecemento da necesidade de arranxo.

Solicítase que se indique cal é o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas que se realizou este ano 2021 e a previsión para o ano 2022-2023.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que en 2021 foi o camiño entre Santo Arandel - Xinzo - Chave de Carballo; e polo concello se fixeron en 2021 á marxe deste plan, por conta propia actuacións en camiños como Ombre – Ardións, e en Vioxo de Arriba e outros, e neste ano 2022 con cargo a ese plan de mellora irá o camiño de Millerío; nós seguimos arranxando camiños con fondos propios e doblamos o que da Agader.

2.- Xa no mes de setembro de 2020, solicitamos dende este grupo municipal a necesidade de limpeza da ruta "Muiños e Cruceiros de Viceso" na parroquia de Viceso. A ruta son aproximadamente uns 7 km que segue estando en estado de abandono, sendo moi complicado seguir a mesma. Tense previsto a limpeza desta ruta ?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que a finais do ano pasado co GDR fíxose unha auditoría, estará non orzamento de 2022 a limpeza desta ruta e das outras, e a sinalización da de Luaña - Cornanda, para así ter conectado todo o concello.

3.- En relación ao proxecto que se acaba de presentar polo Concello ao IDAE para a renovación das instalacións de alumado público, indícase que se van cambiar a led todo o alumado público, cubrindo todas as áreas que teñen déficit de alumado e instalando unha tecnoloxía moito máis eficiente que a actual. Dende este grupo municipal queríamos saber cales son as zonas onde se prevé, de ser o caso, a instalación de novo alumado.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que vaise cambiar todo o alumado público, 3.145 lámpadas; na Avenida de Santa Minia e no Tremo e Os Ánxeles se cambiaron 173 e antes instaláronse 75 en Tembra e Boullón.

O Sr. Alcalde sinala que é unha prioridade do equipo de goberno facer este proxecto, a ver se temos a subvención, e senón iremos pouco a pouco con recursos propios.

4.- O pasado 16 de xaneiro de 2022 saíu publicada unha noticia no Correo Galego no que se indica que Brión encabeza ata dúas listas vermellas de abandono patrimonial.

Noticia que se transcribe: “Hasta dos entidades que velan por el estado de los elementos patrimoniales, una a nivel estatal y otra gallego, señalan a Brión como la localidad de la comarca santiaguesa en la que se dan más ejemplos de abandono de bienes históricos. Así, tanto Hispania Nostra como Patrimonio Galego coinciden en señalar el mal estado de conservación del Pazo do Casal, añadiendo la segunda entidad otros seis ejemplos de ruina o desatención en el municipio maián.

Comenzando por el Pazo do Casal, Hispania Nostra explica que en el entorno de la comarca compostelana sólo consta el inmueble palaciego brionés en su lista roja, apuntando que este edificio barroco presenta un “estado de ruina”, careciendo de “techumbres, salvo la capilla”. Además, lamentan que este elemento, inventariado por Xunta y Concello, haya sufrido “alteraciones historicistas”, advirtiendo de peligro de desplomes, por lo que “el acceso al interior está prohibido”. A su vez, Patrimonio Galego lo mete en su Lista Vermella debido a su estado de conservación “malo”.

Se trata de una impresionante construcción a la que no es fácil llegar, pese a estar en una aldea, y aún conserva una capilla dedicada a San Xosé, restos de una torre redonda muy alterada, palomar, chimenea-lareira, patín exterior, hórreo de siete pies, crucero, y casa de rentas anexa. A lo largo de los años, y aunque las condiciones que presentó llegaron a ser bastante peores, aseguran que sufrió “ desplomes de muros y desaparición del retablo de la capilla”, con sillares labrados “esparcidos por el suelo entre la maleza”.

El inmueble está vinculado a los condes de Altamira desde el siglo XVII (precisamente, las Torres de Altamira acaban de ser retiradas del listado bermejo), y según les traladaron desde el Ayuntamiento maián, “el último habitante del Pazo fue un tal Mazas, que lo abandonó para no volver jamás”. Los más ancianos del lugar recuerdan como el “señor” que vivía en el inmueble recaudaba rentas a los campesinos.

Pero en este mismo ayuntamiento hay más ejemplos que, a juicio de Patrimonio Galego, merecen su inclusión en la Lista Vermella. Se trata de otro palacio típico gallego, este a muy poca distancia de la capital local: el Pazo de Trasouteiro, con partes antiguas que algunos historiadores retrotraen hasta “o século XIV”. Advierten de que “ hoxe está moi deteriorado e a súa decadencia acentuouse ao caerlle o teito. O que antes era unha finca con frutais e árbores ornamentais agora é practicamente un lugar cheo de maleza”. Asimismo, ligados a este inmueble, divulgan las lamentables condiciones de su fuente monumental –de origen renacentista, y que sufrió expolios en forma de robos– o de la mina de agua de la que se surtían los residentes en el mismo.

Sin salir de Brión, también tildan de “moi malo” el estado que presenta el antiguo palomar de la rectoral de San Fins (siglo XVI al XVIII), especulando con que “nunca foi restaurado mínimamente e hoxe vese coma en ruina na entrada ao adro”. Y por último, reseñan que la Capela de San Clemente pasa hoy por un “estado de ruina total”, y el cruceiro asociado a este templo en San Fins carece incluso ya de cruz superior.

La labor de control y difusión que abarcan estas dos entidades se extiende también a otros lugares de Área, si bien Hispania Nostra únicamente ha destacado, y en menor número, las malas condiciones de otros elementos ubicados en A Estrada, Lalín o las comarcas de Costa da Morte, Barbanza y Caldas.

Tense pensado dende o Concello de Brión facer algunha actuación nos entornos destes monumentos?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebra Gómez sinala que xa vira a noticia, se trata de bens privados ou da igrexa e a lei de patrimonio di que son os propietarios, e a Xunta tamén, os que teñen competencias, nós non podemos facer nada.



Polo Sr. Alcalde proponse facer unha moción conxunta por todos os grupos para un próximo Pleno instando á Xunta para que exerza as súas competencias, porque nós non podemos obrigar aos propietarios a rehabilitar.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González